

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

CON 'MEMORIAS DA CIDADE SEN LUZ'

Inma López Silva, Premio Blanco Amor 2008

O fallo anunciouse este sábado ao mediodía en Lugo, concello que organiza este ano o galardón.

Redacción - 18:49 05/04/2008

Inma López Silva é a gañadora do [Premio Blanco Amor](#) na súa edición 2008. Convértese deste xeito, aos seus trinta anos, nun dos poucos autores que teñen no seu poder os dous grades galardóns de novela entregados en Galiza: Blanco Amor e [Xerais](#), que obtivo en 2002 con *Concubinas*. De feito, tan só Xosé Carlos Caneiro posúe ambos premios.

Nesta ocasión, o Blanco Amor, convocado por 75 concellos de todo o país e dotado con doce mil euros, [organízase en Lugo](#), onde este sábado pola mañá reuniuse o xurado para anunciar o gañador, e onde se entregará o premio. O xurado estaba formado por Xesús Rábade Paredes (gañador da pasada edición), Marica Campo, Isidro Novo, Dolores Vilavedra e Ramón Nicolás.

Inma López Silva gañou o Premio Rúa Nova en 1996 coa súa novela *Neve en abril*, ambientada na guerra civil. Seguiron os relatos de *Rosas, corvos e cancións*, e posteriormente publicou en Galaxia a [Neve en abril](#) coa que debutara na literatura, e [New York, New York](#), un resumo das súas vivencias na cidade norteamericana. Ademais de escritora, destaca como crítica e investigadora teatral, e é colaboradora habitual en numerosas publicacións periódicas e científicas. Tamén publicou, en Biblos, *Non quero ser Doris Day*, finalista do VI Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*

Ao igual que *Neve en abril*, *Memorias da cidade sen luz* aborda a Guerra Civil, e percorre a Europa da postguerra.